

# 2021

MEMORIA\*\*\*\*\*  
\*\*\*\*\*

INFORME DO REITOR\*\*\*\*\*  
\*\*\*\*\* UNIVERSIDADE  
AO CLAUSTRO\*\*\*\*\* DA CORUÑA  
\*\*\*\*\*



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



# 2021

MEMORIA\*\*\*\*\*  
\*\*\*\*\*

INFORME DO REITOR\*\*\*\*\*  
\*\*\*\*\* UNIVERSIDADE  
AO CLAUSTRO\*\*\*\*\* DA CORUÑA  
\*\*\*\*\*



# Índice Memoria de Xestión 2021

|                                             |      |                                                         |     |
|---------------------------------------------|------|---------------------------------------------------------|-----|
| Índice xeral . . . . .                      | V    | Centros de investigación - CITIC,<br>CITEEC, CIT e CICA |     |
| Índice de cadros . . . . .                  | VII  |                                                         |     |
| Introdución . . . . .                       | XIII | Capítulo 5. Recursos humanos . . . . .                  | 109 |
| Capítulo 1. A UDC en cifras . . . . .       | 1    | PDI                                                     |     |
| Capítulo 2. Órganos de Goberno . . . . .    | 3    | PAS                                                     |     |
| Equipo reitoral                             |      | INV                                                     |     |
| Claustro                                    |      | Internacionalización                                    |     |
| Consello Social                             |      | Capítulo 6. Xestión económica . . . . .                 | 117 |
| Valedor Universitario                       |      | Evolución do orzamento                                  |     |
| Consello de Goberno                         |      | Liquidación do orzamento                                |     |
| Secretaría Xeral                            |      | Capítulo 7. Servizos . . . . .                          | 121 |
| Xerencia                                    |      | CUFIE                                                   |     |
| Capítulo 3. Área académica . . . . .        | 15   | Biblioteca Universitaria                                |     |
| Estrutura                                   |      | UTC                                                     |     |
| Oferta académica                            |      | SIC                                                     |     |
| Resultados                                  |      | Servizo de Publicacións                                 |     |
| Seguimento                                  |      | Extensión Universitaria                                 |     |
| Bolsas e axudas                             |      | Servizo de Normalización Lingüística                    |     |
| Internacionalización                        |      | SAI                                                     |     |
| Capítulo 4. Área de investigación . . . . . | 85   | Rexistro, Documentación e Arquivo                       |     |
| Estrutura                                   |      | Asesoría Xurídica                                       |     |
| Proxectos, contratos e financiamento        |      | Cooperación e Voluntariado                              |     |
| Bolsas e axudas                             |      | ADI                                                     |     |
| Resultados e transferencia                  |      | Centro de Linguas                                       |     |
|                                             |      | Servizo de Publicacións                                 |     |
|                                             |      | Extensión Universitaria                                 |     |



# Índice de cadros MEMORIA 2021

|                                                                                 | Páxina |
|---------------------------------------------------------------------------------|--------|
| <b>03 Área académica</b>                                                        |        |
| <b>Estrutura</b>                                                                |        |
| 3.1 Centros e decanos/as e directores/as                                        | 16     |
| 3.2 Departamentos e directores/as                                               | 17     |
| 3.3 Escola Internacional de Doutoramento                                        | 21     |
| 3.4 Universidade Sénior                                                         | 21     |
| 3.5 Centro de Linguas                                                           | 21     |
| <b>Oferta</b>                                                                   |        |
| 3.6 Oferta académica no curso 2021-2022. Graos                                  | 22     |
| 3.7 Oferta académica no curso 2021-2022. Programas de simultaneidade            | 23     |
| 3.8 Oferta académica no curso 2021-2022. Másteres                               | 24     |
| 3.9 Oferta académica no curso 2021-2022. Programas de doutoramento              | 26     |
| 3.10 Oferta de titulacións non oficiais e formación complementaria en 2021-2022 | 27     |
| <b>Resultados</b>                                                               |        |
| <i>Ensinanzas oficiais</i>                                                      |        |
| 3.11 Alumnado da UDC no curso 2021-2022                                         | 28     |
| 3.12 Evolución da matrícula total na UDC                                        | 29     |
| 3.13 Alumnado de novo ingreso en graos da UDC en 2021-2022                      | 29     |
| 3.14 Alumnado egresado da UDC en 2020-2021                                      | 30     |
| 3.15 Alumnado de grao en 2021-2022 por titulación                               | 31     |
| 3.16 Alumnado de másteres oficiais en 2021-2022                                 | 33     |
| 3.17 Alumnado de programas de doutoramento en 2021-2022                         | 35     |
| 3.18 Egresados/as en 2020-2021 por titulación. Grao                             | 36     |
| 3.19 Egresados/as en 2020-2021 por titulación. Máster                           | 38     |
| 3.20 Teses lidas en 2020-2021 por programa e sexo                               | 40     |
| 3.21 Matrícula en graos en 2021-2022 por procedencia                            | 41     |
| 3.22 Evolución da matrícula nos graos                                           | 42     |
| 3.23 Evolución da matrícula nos másteres oficiais                               | 44     |
| 3.24 Evolución da matrícula nos programas de doutoramento                       | 46     |
| 3.25 Evolución do alumnado de novo ingreso por titulación                       | 47     |
| 3.26 Evolución do número de graduados/as por titulación                         | 49     |
| 3.27 Evolución do número de egresados/as de másteres por titulación             | 51     |
| 3.28 Evolución do número de teses de doutoramento defendidas                    | 53     |
| 3.29 Taxas de rendemento, éxito e avaliación en 2020-2021                       | 54     |
| 3.30 Taxas de eficiencia, éxito e avaliación de egresados en 2020-2021          | 56     |

|                                                                                                                 | Páxina |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| <b>Ensinanzas non oficiais</b>                                                                                  |        |
| 3.31 Matrícula en estudos propios en 2021-2022                                                                  | 58     |
| 3.32 Evolución da matrícula na Universidade Sénior                                                              | 58     |
| 3.33 Matrícula en actividades de formación complementaria en 2021-2022                                          | 59     |
| <b>Seguimento</b>                                                                                               |        |
| <b>Guías docentes</b>                                                                                           |        |
| 3.34 Evolución do número de títulos implantados                                                                 | 60     |
| 3.35 Evolución dos cursos, materias e guías implantados en graos                                                | 60     |
| 3.36 Evolución da porcentaxe de graos implantados por cursos                                                    | 61     |
| 3.37 Evolución da porcentaxe de guías elaboradas por graos implantados                                          | 61     |
| 3.38 Evolución dos cursos, materias e guías elaborados en másteres                                              | 62     |
| 3.39 Porcentaxe de guías elaboradas por cursos de másteres implantados                                          | 62     |
| <b>Avaliación docente</b>                                                                                       |        |
| 3.40 Participación na avaliación docente en 2020-2021                                                           | 62     |
| 3.41 Participación do profesorado na avaliación docente en 2020-2021 por departamento                           | 63     |
| 3.42 Participación do alumnado na avaliación docente en 2020-2021 por centro                                    | 64     |
| <b>Bolsas e axudas</b>                                                                                          |        |
| 3.43 Bolsas do programa xeral e de mobilidade do Ministerio de Educación                                        | 65     |
| 3.44 Bolsas do Ministerio de Educación para colaboración en departamentos                                       | 65     |
| 3.45 Evolución do número de bolsas UDC-Santander para estudos de máster                                         | 65     |
| 3.46 Evolución do número de bolsas propias da UDC                                                               | 65     |
| 3.47 Evolución da contía das bolsas propias da UDC                                                              | 65     |
| 3.48 Evolución das bolsas da UDC para situacións de dificultades económicas                                     | 66     |
| 3.49 Evolución das axudas para transporte urbano e metropolitano das áreas da Coruña e Ferrol                   | 66     |
| 3.50 Prazas nas residencias públicas da UDC en 2020-2021                                                        | 66     |
| 3.51 Evolución do número e contía dos Premios á Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos en 2021-2022 | 66     |
| 3.52 Premios á Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos en 2021-2022                                  | 67     |
| 3.53 Premios Extraordinarios Fin de Grao en 2020-2021                                                           | 68     |
| 3.54 Premios Extraordinarios Fin de Máster en 2020-2021                                                         | 70     |
| 3.55 Premios Extraordinarios de Doutoramento en 2019-2020                                                       | 73     |
| <b>Internacionalización</b>                                                                                     |        |
| 3.56 Mobilidade internacional do alumnado en 2020-2021                                                          | 73     |
| 3.57 Mobilidade internacional do alumnado por centros en 2020-2021                                              | 74     |
| 3.58 Mobilidade internacional do alumnado por países en 2020-2021                                               | 75     |
| 3.59 Procedencia do alumnado da International Summer School en 2021 na Coruña                                   | 76     |
| 3.60 Participación nos programas de mellora das competencias lingüísticas                                       | 76     |
| 3.61 Participación no programa de profesorado visitante procedente de países de fala inglesa                    | 77     |
| 3.62 Evolución do número de axudas para a internacionalización                                                  | 77     |
| 3.63 Evolución do alumnado estranxeiro matriculado na UDC                                                       | 77     |
| 3.64 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2021-2022 por nacionalidade                | 78     |
| 3.65 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2021-2022 por ciclo                        | 80     |
| 3.66 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2021-2022 por centro                       | 82     |

|                                                                                                                    | Páxina |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| 3.67 Evolución do profesorado implicado na docencia en inglés                                                      | 83     |
| 3.68 Evolución do número de créditos impartidos en inglés                                                          | 83     |
| 3.69 Evolución do número de estudantes matriculados en titulacións bilingües                                       | 84     |
| <b>04 Área de investigación</b>                                                                                    |        |
| <b>Estrutura</b>                                                                                                   |        |
| 4.1 Institutos de investigación                                                                                    | 86     |
| 4.2 Centros de investigación                                                                                       | 86     |
| 4.3 Fundacións participadas pola UDC                                                                               | 86     |
| 4.4 Grupos de investigación en 2021                                                                                | 87     |
| 4.5 Unidades de investigación                                                                                      | 90     |
| <b>Proxectos, contratos e financiamento</b>                                                                        |        |
| 4.6 Evolución dos recursos externos captados pola UDC para investigación                                           | 91     |
| 4.7 Evolución dos recursos captados en proxectos competitivos                                                      | 91     |
| 4.8 Axudas autonómicas a unidades de investigación competitivas en 2021                                            | 91     |
| 4.9 Número de contratos e convenios de investigación con empresas e administracións públicas                       | 92     |
| 4.10 Importe dos contratos e convenios de investigación con empresas e administracións públicas                    | 92     |
| <b>Bolsas e axudas</b>                                                                                             |        |
| 4.11 Evolución das bolsas e contratos de investigación                                                             | 93     |
| <b>Resultados e transferencia</b>                                                                                  |        |
| 4.12 Producción da UDC na base de datos Web of Science                                                             | 94     |
| 4.13 Evolución do número de artigos da UDC na base de datos Web of Science                                         | 94     |
| 4.14 Evolución dos resultados da investigación xerada na UDC e protexidos pola propiedade industrial e intelectual | 95     |
| 4.15 Ingresos por licenzas de tecnoloxías ou coñecemento xerado na UDC                                             | 95     |
| 4.16 Evolución do número de empresas start-up creadas e spin-offs participadas pola UDC                            | 95     |
| 4.17 Captación de talento e solicitudes ao European Research Council en 2021                                       | 95     |
| 4.18 Evolución do número de sexenios dos corpos docentes universitarios                                            | 96     |
| 4.19 Sexenios do corpo docente universitario en 2021                                                               | 96     |
| <b>Centros de investigación</b>                                                                                    |        |
| <b>CITIC</b>                                                                                                       |        |
| 4.20 Evolución dos recursos de I+D+i captados polo CITIC segundo procedencia                                       | 97     |
| 4.21 Evolución dos recursos captados polo CITIC segundo tipoloxía do proxecto                                      | 97     |
| 4.22 Evolución dos recursos xestionados polo CITIC                                                                 | 97     |
| 4.23 Evolución da produción científica e tecnolóxica do CITIC                                                      | 98     |
| 4.24 Evolución do equipo científico e de xestión do CITIC                                                          | 98     |
| <b>CITEEC</b>                                                                                                      |        |
| 4.25 Desenvolvemento de axudas para equipamentos do CITEEC das anualidades 2020 e 2021                             | 98     |
| 4.26 Desenvolvemento das axudas autonómicas de infraestruturas e equipamento científico-técnico para 2021          | 99     |
| 4.27 Proxectos de investigación con soporte no CITEEC                                                              | 99     |
| 4.28 Convenios con empresas con soporte no CITEEC                                                                  | 99     |
| 4.29 Comparativa da evolución de proxectos de investigación e convenios con empresas no CITEEC                     | 100    |
| 4.30 Evolución do total de proxectos e convenios con soporte no CITEEC                                             | 100    |
| 4.31 Evolución do financiamento de proxectos e convenios con soporte no CITEEC                                     | 101    |

|                                                                                                | Páxina |
|------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| 4.32 Grupos de investigación vencellados ao CITEEC que tiveron axudas de consolidación en 2021 | 101    |
| 4.33 Financiamento captado para a Agrupación Estratéxica do CITEEC                             | 102    |
| 4.34 Integrantes dos grupos de investigación do CITEEC segundo sexo                            | 102    |
| 4.35 Proxectos e convenios acadados nos grupos de investigación do CITEEC segundo sexo         | 102    |
| <b>CIT</b>                                                                                     |        |
| 4.36 Evolución do número de proxectos de investigación no CIT                                  | 103    |
| 4.37 Evolución do orzamento executado polos grupos do CIT                                      | 103    |
| 4.38 Evolución do número de contratos de asistencia técnica do CIT                             | 104    |
| 4.39 Evolución do número de empresas con que traballaron os grupos do CIT                      | 104    |
| 4.40 Número de artigos publicados en revistas recollidas no SCI                                | 105    |
| 4.41 Persoal vinculado ao CIT en 2021 segundo sexo                                             | 105    |
| <b>CICA</b>                                                                                    |        |
| 4.42 Evolución das principais cifras do CICA                                                   | 106    |
| 4.43 Persoal do CICA en 2021 segundo sexo                                                      | 106    |
| 4.44 Investigadores/as con axudas ou bolsas no CICA en 2021                                    | 106    |
| 4.45 Evolución do número e o importe dos proxectos do CICA                                     | 107    |
| 4.46 Participación nos proxectos do CICA en 2021 por sexo                                      | 107    |
| 4.47 Evolución do número e o importe dos contratos e convenios do CICA                         | 107    |
| <b>05 Recursos humanos</b>                                                                     |        |
| <b>Persoal docente e investigador (PDI)</b>                                                    |        |
| 5.1 Profesorado en 2021 (decembro) por categoría, sexo e dedicación                            | 110    |
| 5.2 Persoal docente e investigador en 2021 segundo réxime xurídico                             | 110    |
| 5.3 PDI doutor en 2021 por centro                                                              | 111    |
| 5.4 Evolución dos corpos docentes universitarios                                               | 112    |
| <b>Persoal de administración e servizos (PAS)</b>                                              |        |
| 5.5 PAS funcionario en 2021 por escala, sexo e grupo                                           | 112    |
| 5.6 Evolución do PAS por tipo de persoal                                                       | 112    |
| <b>Persoal investigador (INV)</b>                                                              |        |
| 5.7 Persoal investigador en 2021 por categoría e sexo                                          | 113    |
| 5.8 Evolución do persoal administrativo contratado en proxectos de investigación               | 113    |
| 5.9 Evolución do persoal técnico de apoio contratado en proxectos de investigación, por sexo   | 113    |
| <b>Internacionalización</b>                                                                    |        |
| 5.10 Evolución do número de participantes en Erasmus STT (formación) (PAS+PDI)                 | 114    |
| 5.11 Evolución da mobilidade do PDI do programa Erasmus STA                                    | 114    |
| 5.12 Evolución do número de investigadores/as visitantes                                       | 115    |
| <b>06 Xestión económica</b>                                                                    |        |
| 6.1 Evolución xeral do orzamento da UDC                                                        | 118    |
| 6.2 Evolución do orzamento por capítulos                                                       | 119    |
| <b>Liquidación do orzamento</b>                                                                |        |
| 6.3 Liquidación do estado de ingresos do exercicio 2020                                        | 120    |
| 6.4 Liquidación do estado de gastos do exercicio 2020                                          | 120    |

| 07 Servizos                                                      |                                                                                                           |     |
|------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) |                                                                                                           |     |
| 7.1                                                              | Tráfico de visitas á páxina web do CUFIE (setembro 2020- xullo 2021)                                      | 122 |
| 7.2                                                              | Formación virtual e a distancia no curso 2020-2021                                                        | 122 |
| 7.3                                                              | Participación nos cursos de apoio á aprendizaxe                                                           | 122 |
| 7.4                                                              | Participación no Plan de apoio ao doutoramento e á investigación                                          | 123 |
| 7.5                                                              | Participación no Plan de Formación Inicial en 2020-2021                                                   | 123 |
| 7.6                                                              | Programas de apoio ao ensino no curso 2020-2021                                                           | 123 |
| 7.7                                                              | Formación ofertada polo CUFIE en colaboración con outros servizos en 2020-2021                            | 123 |
| 7.8                                                              | Evolución do número de proxectos e experiencias de aprendizaxe-servizo presentados                        | 124 |
| 7.9                                                              | Participación nas sextas xornadas de innovación docente                                                   | 124 |
| 7.10                                                             | Participación na segunda xornada de aprendizaxe-servizo                                                   | 124 |
| 7.11                                                             | Grupos de Innovación Educativa presentados en 2020-2021                                                   | 124 |
| 7.12                                                             | Cursos Mooc da UDC impartidos en 2020-2021                                                                | 124 |
| 7.13                                                             | Sesións formativas en directo en 2021                                                                     | 125 |
| Biblioteca Universitaria                                         |                                                                                                           |     |
| 7.14                                                             | Evolución do gasto total en fondos bibliográficos e documentais 2017-2021                                 | 125 |
| 7.15                                                             | Evolución do investimento da UDC en revistas e bases de datos 2017-2021                                   | 125 |
| 7.16                                                             | Evolución de usuarios, persoal e instalacións da Biblioteca Universitaria 2017-2021                       | 126 |
| 7.17                                                             | Evolución das coleccións e dos recursos da Biblioteca Universitaria 2017-2021                             | 126 |
| 7.18                                                             | Evolución do uso de servizos da Biblioteca Universitaria 2017-2021                                        | 127 |
| 7.19                                                             | Evolución dos indicadores básicos da Biblioteca Universitaria 2017-2021                                   | 127 |
| 7.20                                                             | Evolución do número de usuarios por sectores 2017-2021                                                    | 127 |
| Unidade Técnica de Calidade                                      |                                                                                                           |     |
| 7.21                                                             | Informes anuais de seguimento por título presentados e recibidos                                          | 128 |
| 7.22                                                             | Graos e másteres universitarios da UDC, ou que coordina esta, que renovaron a súa acreditación en 2021    | 128 |
| 7.23                                                             | Programas Oficiais de Doutoramento da UDC, ou que coordina esta, que renovaron a súa acreditación en 2021 | 128 |
| 7.24                                                             | Participación do profesorado na décima edición do Programa Docencia                                       | 129 |
| 7.25                                                             | Certificacións e acreditacións por normas ISO en 2021                                                     | 129 |
| Informática e Comunicacóns (SIC)                                 |                                                                                                           |     |
| 7.26                                                             | Evolución da actividade do Servizo de Informática e Comunicacóns                                          | 130 |
| Servizo de Normalización Lingüística                             |                                                                                                           |     |
| 7.27                                                             | Evolución do asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística                                         | 134 |
| 7.28                                                             | Cursos de lingua para profesorado en 2020-2021                                                            | 134 |
| 7.29                                                             | Axudas á investigación en lingua galega en 2021                                                           | 134 |
| 7.30                                                             | Evolución das axudas a traballos de investigación en lingua galega                                        | 134 |
| Servizo de Apoio á Investigación (SAI)                           |                                                                                                           |     |
| 7.31                                                             | Evolución do número de mostras rexistradas no SAI                                                         | 135 |
| 7.32                                                             | Evolución do número de mostras segundo o tipo de usuario                                                  | 135 |
| 7.33                                                             | Distribución porcentual das mostras do SAI en 2021 segundo o tipo de usuario                              | 135 |
| 7.34                                                             | Distribución das mostras do SAI en 2021 segundo departamento                                              | 136 |
| 7.35                                                             | Análises realizadas polo SAI en 2021 por áreas da UDC                                                     | 137 |

|                                                                                                       | Páxina |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| <b>Rexistro, documentación e arquivo</b>                                                              |        |
| 7.36 Asentos realizados polo Rexistro da UDC en 2021                                                  | 138    |
| 7.37 Asentos realizados polo Rexistro telemático da UDC en 2021                                       | 138    |
| 7.38 Certificados FNMT rexistrados pola UDC en 2021                                                   | 138    |
| <b>Asesoría Xurídica</b>                                                                              |        |
| 7.39 Apuntamentos en 2021                                                                             | 139    |
| 7.40 Procedementos iniciados e finalizados en 2021                                                    | 139    |
| 7.41 Resolucións finalizadoras dos procedementos en 2021                                              | 139    |
| 7.42 Orde contencioso-administrativa en 2021                                                          | 140    |
| 7.43 Orde xurisdiccional social en 2021                                                               | 141    |
| 7.44 Orde xurisdiccional civil en 2021                                                                | 141    |
| 7.45 Orde xurisdiccional penal en 2021                                                                | 141    |
| 7.46 Evolución do número de procedementos 2017-2021                                                   | 142    |
| 7.47 Actuacións da Asesoría Xurídica en 2021                                                          | 142    |
| <b>Cooperación e Voluntariado</b>                                                                     |        |
| 7.48 Voluntariado por eido de actuación no campus da Coruña en 2021                                   | 143    |
| 7.49 Voluntariado por eido de actuación no campus de Ferrol en 2021                                   | 143    |
| <b>ADI (Unidade de Atención á Diversidade)</b>                                                        |        |
| 7.50 Evolución do alumnado con exención de taxas por discapacidade                                    | 144    |
| 7.51 Evolución das solicitudes de servizos para persoas que piden exención de taxas por discapacidade | 144    |
| 7.52 Evolución das bolsas da UDC para atención á diversidade                                          | 144    |
| 7.53 Estudantes en prácticas na Unidade de Atención á Diversidade                                     | 145    |
| 7.54 Actividades da Aula de Formación en Diversidade en 2020-2021                                     | 145    |
| <b>Centro de Linguas</b>                                                                              |        |
| 7.55 Estudantes matriculados no Centro de Linguas en 2021                                             | 146    |
| 7.56 Evolución da matrícula global no Centro de Linguas                                               | 146    |
| 7.57 Número de estudantes de linguas estranxeiras en 2021 por idiomas                                 | 147    |
| 7.58 Número de estudantes de linguas estranxeiras en 2021 por campus                                  | 147    |
| 7.59 Número de candidatos ás probas de certificación de nivel ACLES en 2021                           | 148    |
| 7.60 Matrícula en actividades complementarias do Centro de Linguas en 2021                            | 148    |
| <b>Servizo de Publicacións</b>                                                                        |        |
| 7.61 Principais datos do Servizo de Publicacións en 2021                                              | 149    |
| 7.62 Evolución das consultas de revistas electrónicas en 2021                                         | 149    |
| 7.63 Evolución do número de publicacións da UDC                                                       | 149    |
| 7.64 Evolución do intercambio de libros e revistas do Servizo de Publicacións                         | 150    |
| 7.65 Evolución das vendas do Servizo de Publicacións                                                  | 150    |
| <b>Extensión Universitaria</b>                                                                        |        |
| 7.66 Evolución do número de usuarios/as e de cursos da Área de Deportes                               | 151    |
| 7.67 Evolución da participación nas ligas universitarias                                              | 151    |
| 7.68 Evolución da participación infantil nos campamentos de cultura e deporte                         | 151    |
| 7.69 Evolución da participación en obradoiros e talleres da Área de Cultura                           | 151    |

# Introdución

Remataba a Memoria que aprobou o Claustro o ano pasado subliñando que a pandemia nos obrigara en 2020 a reinventarnos e a activar mecanismos de resiliencia para seguir coas nosas vidas e coas nosas actividades. O primeiro ano da pandemia fora moi complicado para a comunidade universitaria, mais non sabíamos que no 2021 aínda non poderíamos recuperar a ansiada normalidade total.

E, efectivamente, a actividade ordinaria volveuse desenvolver nos nosos campus da Coruña e Ferrol baixo os mesmos condicionantes sanitarios, na medida en que **a covid** seguía obrigando a desenvolver as nosas actividades cotiás dun xeito excepcional. A diferenza, ou unha das grandes diferenzas, a efectos nosos era que xa levabamos aprendido moito para afrontar a crise.

A experiencia fortaleceunos e as adaptacións imprescindibles das actividades ordinarias de docencia, de investigación e de xestión permitíronnos completar o curso 2020-2021 e comezar o 2021-2022 con **case total normalidade** ata alcanzar case o 100% de docencia presencial, agás nos casos en que os límites de capacidade determinaron a implantación de formatos híbridos.

O criterio básico era e seguirá a ser o de adoptar o formato en liña unicamente como último recurso, co obxectivo de manter a calidade da formación e de impedir, como reclamou CRUE Universidades Españolas, que a pandemia xerara unha xeración estigmatizada pola covid-19.

Ese foi o obxectivo logrado en 2021 e do que todas e todos (profesorado, alumnado e persoal de admi-

nistración e servizos) podemos sentirnos razoablemente satisfeitos. Compromiso e responsabilidade exemplares para enfrontar os atrancos impostos pola pandemia e para incorporar solucións alternativas innovadoras.

Facendo bo o refraneiro popular con aquilo de *“no hay mal que por bien no venga”*, as medidas urxentes adoptadas pola Universidade da Coruña aceleraron os procesos de dixitalización en todos os ámbitos. A Xunta mobilizou recursos económicos e grazas a eles nós, coma as outras universidades galegas, puidemos contar con preto de tres millóns de euros para implantar **melloras na contorna dixital para a docencia e a dixitalización** da xestión académica.

Destinamos estes recursos a iniciativas moi concretas en innovación ou renovación tecnolóxica (licenzas e seguridade, por exemplo), ou ao impulso da administración electrónica, a potenciar os sistemas de videoconferencias ou a asegurar a conectividade de todos os usuarios.

Na apertura oficial do presente curso académico no sistema universitario galego, que este ano nos correspondeu organizar a nós no Paraninfo, tiven a oportunidade de destacar o valor, moi positivo desta liña de colaboración institucional (pola que eu apostei desde o comezo do meu primeiro mandato), tanto coas administracións públicas como coas universidades de Santiago e de Vigo.

Un dos froitos des colaboración foi a sinatura do acordo marco para o **mapa de titulacións universitarias ata 2026**, que se irá desenvolvendo nos próximos anos, tanto para os graos como para os másteres.

Así mesmo, consellería e universidades galegas tamén asinamos en maio o convenio para implantar, de xeito coordinado e equilibrado, a titulación de **intelixencia artificial** nos tres campus a partir do vindeiro curso. Os dous primeiros cursos serán comúns e os outros dous permitirán a especialización no marco do novo grao, unha materia na que a Universidade da Coruña mantén unha posición de liderado tanto en docencia como en investigación.

En xuño o Consello Galego de Universidades aprobou, xunto coa creación da **Facultade de Turismo**, a creación da **Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol** e en novembro xa puidemos dar o paso histórico de crear a xunta constituínte deste novo centro, que fusiona as antigas Escola Politécnica Superior e Escola Universitaria Politécnica. Esta xunta constituínte está encabezada por un director comisionado e integrada por directivos e representantes dos dous centros que se extinguen.

Os traballos nas instalacións de Esteiro e nas novas dependencias que se remodelan ou amplían (e que detallo máis adiante) enfrontáronse co obxectivo de poder comezar en Esteiro toda a docencia teórica e práctica dos distintos graos (seis máis un programa de simultaneidade) e másteres (sete en total) impartidos ata agora en Serantes e Esteiro.

Esta integración nun único centro posibilitará a creación de sinerxías entre as titulacións impartidas nos dous centros, unha maior atracción de talento (tanto de estudantado Erasmus como de alumnado de posgrao e de investigadores docentes) e unha maior accesibilidade do estudantado, así como a potenciación da súa visibilidade e presenza na cidade.

Sen dúbida, a da creación Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol impulsa notablemente o **Campus Industrial**, que tamén conta desde decembro cun plan estratéxico 2021-2026. En outubro asinou-se un convenio coa Xunta, por importe de 1,8 mi-

llóns de euros, par impulsar accións como campus de especialización acreditado do Sistema Universitario Galego.

Por outra banda, a biblioteca da antiga Fábrica de Armas da Coruña acolleu o acto de sinatura do convenio para elaborar o plan director para a **cogobernanza da Cidade das TIC**. Neste acto, fito salientable no proceso de configuración do polo tecnolóxico e de innovación dixital, estiveron presentes o conselleiro de Economía, o delegado do Goberno, a alcaldesa da Coruña, o presidente da Deputación e o presidente do Clúster TIC.

O plan director definirá a folla de ruta do proxecto e incluírá aspectos como o plan estratéxico cos seus obxectivos a curto e medio prazo, un plan de xestión do deseño dun modelo de negocio sustentable, un plan de sustentabilidade económico financeira e a constitución dunha nova sociedade xestora da Cidade das TIC.

Con este convenio sentáronse as bases de colaboración institucional para dinamizar a construción e dotación da Cidade das TIC, co obxectivo de materializar este gran proxecto de futuro da Universidade da Coruña no menor tempo posible. A primeira construción será, como xa é sabido, a do **Centro de Servizos Avanzados (CSA)**, financiado na súa totalidade pola Xunta de Galicia a través do Igape.

Antes de comentar área a área os resultados da xestión de 2021 que se inclúen nesta Memoria anual quero salientar aquí que, un exercicio máis, a Universidade da Coruña presentou unhas contas saneadas (cun orzamento incrementado este ano nun **4,37%**) e que a sinatura de **931 convenios** con empresas e administracións públicas (**756 para prácticas do alumnado**) tamén demostra que, malia a pandemia, a Universidade da Coruña desenvolveu as súas funcións de docencia, investigación e transferencia con normalidade.

## ■ OFERTA ACADÉMICA

Na actualidade a Universidade da Coruña conta cunha oferta docente consolidada, renovada e preparada para dar resposta con garantía ás necesidades e requirimentos presentes e futuros, e para ter un papel decisivo na acción educativa e cultural que demande a sociedade. Un bo exemplo son as novas titulacións de grao, implantadas a partir do curso académico 2018-2019 e que destacan por ser pioneiras no SUG polas competencias que outorgan ao estudantado, pola súa avanzada xestión académico-administrativa, polas metodoloxías empregadas e pola súa vinculación aos campus de especialización da UDC. A transformación dixital que experimentou a UDC durante a pandemia levou a instaurar novos xeitos de ensinar e de aprender que terán un reflexo na calidade docente das distintas titulacións.

No 2021-22, ofertáronse **40 graos** nas diferentes ramas de coñecemento, sete programas de simultaneidade e dous graos abertos. Algunhas das titulacións que conforman o noso catálogo de graos son únicas no Sistema Universitario Galego.

Polo que se refire aos **másteres** universitarios, dispoñemos neste momento dunha oferta estable e equilibrada entre as distintas ramas de coñecemento. Ofertáronse un total de **58** másteres. Cómpre destacar a inclusión neste curso dun máster pertencente ao Programa de Excelencia da Comisión Europea para a Cooperación e Mobilidade Internacional: o máster universitario conxunto Erasmus Mundus en Sustentabilidade e Industria 4.0 Aplicada ao Sector Marítimo. Así mesmo, é importante salientar que a calidade dos másteres viuse recoñecida coa concesión de dous dos tres recoñecementos de calidade entregados pola Xunta ao Sistema Universitario de Galicia. Na segunda convocatoria de Mención de Máster Universitario Excelente da Xunta obtiveron este selo de calidade o Máster en Bioinformática para Ciencias da Saúde da UDC e o Máster en Biotecnoloxía Avanzada (interu-

niversitario coa Universidade de Vigo). A concesión destes selos de excelencia converte a UDC na universidade galega que máis selos ten até o momento, ao estar en posesión de catro dos seis outorgados.

A oferta de estudos de **doutoramento** estabilizouse no curso 2021-22 en **36** programas que cobren as diferentes ramas do coñecemento. Tanto a demanda destes estudos (en termos de matrícula total) como a súa produtividade (en termos de teses defendidas) indican que se alcanzou a estabilidade deste terceiro ciclo do ensino universitario, tras a profunda transformación que supuxo a introdución do Real decreto 99/2011. Así, a matrícula total e o número de teses defendidas son moi similares desde hai tres cursos académicos, con arredor de **1.200 estudantes** (1.199 no curso 2021-2022) e máis dun cento de teses defendidas cada ano (129 en 2020-2021). Algo que parece especialmente salientable se temos en conta a situación de excepcionalidade que estivemos a padecer desde marzo de 2020. Mesmo o grao de internacionalización dos estudos de doutoramento seguiu a ser importante, pois **un 40% das teses recibiron a mención internacional**. A esta internacionalización contribuíu en boa medida o programa inMOTION —o programa INDITEX-UDC de axudas á mobilidade dos estudantes de doutoramento que distingue á UDC de moitas outras universidades— que en 2021 beneficiou a 21 estudantes.

Na **evolución da matrícula** nas diferentes titulacións, podemos establecer algunhas diferenzas entre graos, másteres e doutoramentos. O número de estudantes de graos experimentou un leve descenso, ao pasar de 13.732 no 2020-2021 a **13.558 no 2021-2022**. Isto pódese explicar basicamente pola caída demográfica. Porén, **a evolución da matrícula nos másteres segue a ser moi positiva**. Confírmase a tendencia de crecemento ininterrompida dos últimos anos, cun incremento superior ao 50% respecto ao número de matriculados no 2014-2015. No referente aos estudantes de doutoramento, a matrícula neste curso

mantívose, como xa se sinalou, en cifras similares ás dos últimos cursos.

Estamos, pois, nunha **fase de consolidación** da estrutura completa das titulacións. O desenvolvemento pleno desta nova estrutura fai necesaria a avaliación continua do impacto das novas actividades. Como consecuencia desta avaliación, realizáronse distintas **reformas das normativas académicas** para acomodalas ás necesidades organizativas e de recursos dos centros e aos distintos cambios normativos da lexislación estatal e autonómica. Estas novas adaptacións só foron posibles pola colaboración e polo traballo dos equipos directivos das diferentes facultades e escolas implicadas e da Escola Internacional de Doutoramento, así como da comunidade universitaria no seu conxunto.

A oferta de títulos propios na UDC mantívose estable, coa incorporación de novas propostas pero coa baixa dalgúns outros títulos. Estes últimos experimentaron **un importante descenso de matrícula** (un 30% no conxunto dos títulos propios) por mor da situación de pandemia vivida nos últimos dous anos.

Canto á área de calidade, actualizáronse e melloráronse os sistemas de garantía de calidade (SGC) dos centros, así como a nova aplicación informática para a súa xestión. Apoiamos os centros na elaboración do autoinforme e recompilación de evidencias e indicadores para o desenvolvemento dos procesos de seguimento anual de títulos e de renovación da acreditación, que se envían á ACSUG: 25 autoinformes de seguimento (12 graos e 13 másteres) e sete autoinformes de renovación de acreditación.

Proporcionamos asesoramento para elaborar accións de mellora e alegacións de resposta aos informes provisionais de seguimento anual e de renovación da acreditación emitidos pola ACSUG. Así mesmo, en 2021, publicouse a X Convocatoria do Programa Do-

centia, na que **foron avaliados 150 docentes**. Cómpre facer unha estimación positiva dos resultados das valoracións finais acadadas, pois un 40% obtivo unha valoración de desempeño excelente (16 profesores/as recibiron un certificado de excelencia); un 54.67%, de desempeño notable; e un 1.34%, de desempeño aceptable.

O **Centro Universitario de Formación e Innovación (CUFIE)** continuou o seu traballo a prol da innovación nos ámbitos da docencia e da formación permanente, a través de distintas iniciativas. Durante o curso 2020-2021, seguiu vixente a reconversión ao formato virtual de todos os plans formativos, realizada o curso anterior. O CUFIE colaborou coa Oficina para a Igualdade de Xénero para o desenvolvemento do plan de formación en igualdade, destinado ao profesorado e ao alumnado. Tamén ofertou sesións formativas en directo a cargo de relatores internos e externos, que versaron sobre temas de interese para a comunidade universitaria: protección de datos, ciberseguridade, uso didáctico do Campus Virtual, etcétera.

No que se refire á innovación, lanzouse unha **nova convocatoria de proxectos de aprendizaxe-servizo** que deu como resultado a aprobación e certificación de 22 proxectos. No marco da II convocatoria de Premios á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo, outorgáronse 6 premios. Así mesmo, o CUFIE e a OCV colaboraron coa Universidade de Santiago na organización do III Simposio Internacional de Aprendizaxe-Servizo na Universidade que tivo lugar no mes de abril de 2021. Ademais, o CUFIE organizou en formato virtual as **V Xornadas de Innovación Docente da UDC**, nas que se presentaron 42 vídeo-comunicacións, recollidas boa parte delas nun novo número da colección dixital "Contextos Universitarios Transformadores". Nas devanditas xornadas tamén se outorgaron dous premios e un accésit ás mellores experiencias docentes.

Por último, no primeiro semestre do 2021 impartíronse na plataforma MiríadaX as terceiras edicións de dous cursos MOOC e as primeiras edicións de tres novos **cursos MOOC**: “Mentoría en la Universidad. Formación de las figuras implicadas”, “Teoría de Juegos para el Desarrollo Sostenible” e “Construcción naval e Industria 4.0”.

A excepcionalidade da situación sanitaria no curso académico 2020-2021 obrigou a reprogramar a docencia da **Universidade Sénior** e a ofertar un programa de modalidade semipresencial, dirixido a todo o alumnado e dotado cun forte apoio informático. O número de persoas matriculadas foi de **392** (273 na Coruña e 119 en Ferrol).

En setembro de 2021 retomouse a súa oferta formativa presencial: dous programas de grao e de formación específica para graduados, e actividades complementarias para o alumnado e público en xeral (ciclos de conferencias, seminarios, xornadas e obradoiros). Os programas de Graduado Sénior da Coruña e Ferrol incluíron 18 materias cada un deles e os de Formación Específica para Graduados da Coruña e Ferrol, 8 e 9 materias respectivamente.

A docencia presencial complementouse cun novo programa específico virtual de 6 materias. Esta oferta formativa permitiu incrementar o número de persoas matriculadas: **734** (520 na Coruña e 214 en Ferrol). Ademais, a Sénior continúa coa súa aposta polo **Proxecto de Democratización do Coñecemento**, xornadas formativas organizadas fóra dos campus da UDC: As Pontes de García Rodríguez, a Costa da Morte, Betanzos e Ortigueira. Nas catro xornadas de 2021 impartíronse un total de 33 materias. Neste proxecto, que suma xa 10 edicións (tres na Costa da Morte, tres en Betanzos, tres nas Pontes e unha en Ortigueira), participaron **500 estudantes desde o seu comezo en 2018**.

## ■ INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

A crise sanitaria condicionou de novo as actividades de investigación e transferencia, mais quero resaltar o apoio da investigación a proxectos para a loita contra a pandemia, cumprindo cun dos obxectivos estratégicos desta universidade: a transferencia do coñecemento científico en beneficio da sociedade.

Baixo as premisas de garantir e fortalecer o sistema de I+D da Universidade da Coruña, continuouse traballando no proceso de **fortalecemento dos centros de investigación**, adaptándoos á nova normativa da Secretaría Xeral de Universidades e á propia norma de centros aprobada polo Consello de Goberno. Esta adaptación centrou moitas das actuacións da política de investigación da UDC, **reforzando os centros con infraestruturas conseguidas en convocatorias nacionais competitivas e con recursos humanos**, tanto de investigadores como de tecnólogos, que permitan o fortalecemento dos centros de cara ás futuras acreditacións.

Outro dos obxectivos da política científica foi adaptarnos, e participar activamente, en proxectos de fondos Next Generation e en hubs de innovación. Neste contexto, a UDC participa en proxectos tractores e colabora de maneira activa nas convocatorias. Destaca a participación en programas de recualificación do sistema universitario español (Margarita Salas, Recualificación do profesorado e María Zambrano), así como en proxectos PERTE (Proxectos Estratégicos para a Recuperación e Transformación Económica).

Entre as accións que están en marcha, cómpre salientar, como xa indiquei antes, o proxecto da **Cidade das TIC**, onde se pretende a integración e cooperación das empresas coa UDC no avance da investigación e innovación no campo das tecnoloxías da información e comunicación, polo que está incluída na Estratexia

Dixital de Galicia 2023. Nesta acción contouse co financiamento do Igape para o **Centro de Servicios Avanzados (CSA)**.

Por outra banda, en 2021 rematou a segunda fase da **Unidade Mixta de Investigación UDC-Navantia** cunha avaliación moi positiva por parte da Axencia Galega de Innovación (GAIN), o que permite presentarse a unha terceira edición de unidades mixtas, xa como centro mixto de investigación.

A captación de recursos externos para a investigación **ascendeu a 17,6 millóns de euros**, cifra que supón un considerable incremento respecto do ano anterior (11 millóns en 2020) Daquela, este é un outro **fito histórico** para a nosa universidade.

Conseguíronse un total de **62 proxectos de investigación**. Deles, **15 son proxectos europeos**, outro máximo histórico para a UDC. Ademais, subscribíronse convenios con empresas e institucións por **4,4 millóns de euros**.

A estas axudas debemos engadirles un total de **2,9 millóns conseguidos na convocatoria de consolidación de grupos de investigación da Xunta**, que se repartiron en sete grupos de referencia competitiva e nove novos grupos de potencial crecemento.

Na **captación de recursos humanos**, unha das estratexias polas que estamos a apostar, a Universidade da Coruña logrou incorporar tres novos Ramón y Cajal e catro investigadores distinguidos no programa de captación de talento da Xunta. No programa de predoutorais do ministerio incorporáronse oito FPI e cinco FPU, ademais dos 14 predoutorais e 10 posdoutorais dos programas autonómicos. Tamén destacamos a concesión dunha **axuda, solicitada polo CITIC, na convocatoria europea MSCA-COFUND do programa H2020**, baixo o título de “3-i ICT (*International, Interdisciplinary and Intersectoral, Information and*

*Communications Technology PhD Programme*)”. É a primeira axuda concedida a unha institución galega nesta competitiva convocatoria e permitirá a captación de oito investigadores/as predoutorais.

No eido da transferencia de investigación e da tecnoloxía da investigación ao tecido industrial, salientamos que o número de **contratos con empresas e administracións** públicas asinados por investigadores da UDC en 2021 foi de 252, cun importe total de **4,3 millóns de euros**. A maioría destes contratos (147) foron xestionados a través de Fundación da Universidade da Coruña (FUAC).

## ■ ORZAMENTO

O **orzamento da UDC para 2021 foi de 136,99 millóns de euros**. Esta cantidade supón un **incremento dun 4,37%**.

O incremento de gastos de persoal foi do 5,92% (96,421 millóns de euros fronte a 102,127 millóns de euros), se ben corresponde a dous anos, xa que o orzamento do ano 2019 se prorrogou para o ano 2020. O gasto corrente, que supón un 11,77%, diminúe un 2,51%. As transferencias correntes ascenden a 4,751 millóns de euros, o que representa un 3,47%, e un incremento do 3,45%. No apartado dos investimentos reais existe un incremento do gasto do 2,85% e alcanza unha contía de **13,148 millóns de euros**, o que representa un 9,60%.

No que se refire aos ingresos, as principais variacións están recollidas nas epígrafes dos capítulos 3, 4 e 6. Os ingresos do capítulo 3 experimentan un incremento do 1,21%, mentres que **as transferencias correntes ascenden a 96,710 millóns de euros** o que supón un 70,60% e medran un 1,71%. As transferencias de capital experimentan un incremento de 18,342 a

22,241 millóns de euros (un 21,26%), e teñen un peso ou ponderación do 16,23%.

A liquidación do orzamento do exercicio 2020 aprobouse no Consello de Goberno en xullo de 2021. Fíxose a auditoría e posteriormente foi aprobada polo Consello Social.

As principais conclusións da liquidación orzamentaria son as seguintes:

- **A execución total do ano 2020 acada o 83,43 %** (87,11% en 2019). A execución no capítulo VI de gastos (investimentos reais) foi en 2020 do 90,49 %, fronte ao 59,62% do ano 2019.
- Os pagamentos realizados situáronse no 94,85% e experimentaron un descenso con respecto ao ano 2019, en que a porcentaxe de pagamentos no exercicio foi dun 96,68%, o que segue a supor **un alto grao de cumprimento cos provedores**.
- A relación de dereitos recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas presentan un saldo positivo de 3.197.945,97 €, que confirman o resultado positivo na liquidación por cuarto ano.
- A recadación neta continuou a mellorar notablemente xa que pasou de 125.468.597,12 € en 2019 a 127.663.786,94 € en 2020, o que supón un lixeiro incremento do 1,75%.

A análise por diferentes **capítulos de gasto e ingresos** pódese resumir como segue.

No caso das transferencias correntes, a cifra estivo moi preto do ingreso real (95,082 millóns fronte a 95,157 millóns). No caso dos ingresos patrimoniais, non se puido alcanzar a previsión por mor da crise da covid-19. Moitos dos ingresos previstos por alugueiros de locais ou espazos e mais canons non se

puideron executar, ben pola condonación dos canons ou ben porque se cancelaron moitos actos ou eventos en recintos da Universidade (Reitoría, Paraninfo, salóns etc.) polos que se cobran tarifas de uso. En consecuencia, non se puido cumprir coa estimación de final de 2019. Por esta razón, a previsión inicial de 0,340 millóns soamente puido chegar a 0,184 millóns de euros.

No que se refire ás transferencias de capital, esta contía incrementábase debido ao crédito incorporado procedente do exercicio anterior, así como dos proxectos de investigación autonómicos, nacionais ou europeos e convenios que van xurdindo durante o exercicio económico. Así, **a cifra que finalmente se executou foi de 34,935 millóns**. O mesmo ocorre no caso dos investimentos reais (capítulo VI de gastos).

No caso dos gastos de persoal hai que salientar que o dato que figura no crédito inicial (**96,421 millóns**) corresponde ao ano 2019 e que se repite no ano 2020, xa que o orzamento quedou prorrogado. Por esta razón, existe unha diferenza importante entre o crédito inicial (96,421 millóns de euros) e o crédito final (100,975 millóns). De igual xeito, existe unha diferenza no capítulo II, en que a execución (15,034 millóns) foi inferior ao previsto (16,534 millóns), motivado isto pola contención do gasto que se proxectou a final do ano anterior. Tamén **houbo partidas orzamentarias cunha execución inferior ao previsto motivada pola crise sanitaria**.

Os gastos financeiros diminuíron de 0,028 millóns a 0,0205 millóns, se ben este dato, en termos absolutos, non é significativo. A diferenza dos pasivos financeiros débese a que se estableceu unha moratoria por parte do Ministerio en que se permitía aboar cotas de amortización dos anticipos reintegrables na seguinte anualidade. Por tanto, a contía inicialmente prevista de 0,550 millóns quedou en 0,219 millóns.

## ■ PROFESORADO

Houbo destacadas **novidades nas políticas de acceso e promoción do persoal docente e investigador**, superando os obxectivos dos últimos anos, aínda ben que seguen condicionadas polo marco económico. Dunha parte, o profesorado axudante doutor xa pode optar á súa **funcionarización** ou á súa estabilización antes da finalización do seu contrato, coa oferta de prazas de titular de universidade e de prazas libres de profesor/a contratado/a doutor/a. E da outra, o profesorado interino de substitución que cubra docencia estrutural finalizou o ano con novas posibilidades de estabilización ao se crear un maior número de prazas de axudante doutor/a.

A oferta de emprego público (OEP 2021) do persoal docente e investigador da UDC chegou ás **70 prazas**. Logo da negociación e acordo cos órganos de representación do PDI, o Consello de Goberno, reunido o 19 de febreiro, destinou **17 prazas de profesor/a contratado/a doutor/a** á estabilización do profesorado axudante doutor que se atope en situación de fin de contrato e **25 prazas á promoción a titular de universidade do profesorado contratado doutor**, abrindo a posibilidade de funcionarizar directamente o profesorado axudante doutor acreditado e de ofertar seis prazas adicionais de profesor/a contratado/a doutor/a á estabilización deste colectivo sen esperar á finalización do seu contrato.

Engádense a OEP dúas prazas de profesor/a contratado/a doutor/a ao programa de retención e captación de talento, que permitirá a estabilización dos/as investigadores/as captados mediante convocatorias de excelencia. Ademais, en aplicación da disposición obrigatoria da Lei de orzamentos xerais do Estado, sete prazas de profesor/a contratado/a doutor/a e tres de titular de universidade (15% do total) reserváronse para incorporar persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3.

Finalmente, en aplicación do disposto na Lei 3/2017 e no Real decreto-lei 10/2015, inclúense **10 prazas de catedrático/a de universidade** polo procedemento de promoción interna nesta OEP 2021.

Nas convocatorias para establecer as áreas de coñecemento das prazas desta oferta, reguladas polos criterios negociados e acordados cos órganos de representación do PDI, presentáronse 18 candidatos/as con acreditación a titular de universidade e 12 candidaturas admitidas con acreditación de catedrático/a, caso no que a data de acreditación da última asignación chegou ata xaneiro de 2021.

Ademais do marco legislativo estatal e autonómico que condiciona o desenvolvemento de políticas de estabilización, promoción e contratación de profesorado, os aspectos económicos relativos ao mantemento da masa salarial constitúen a principal dificultade da nosa política de profesorado, **e non mudaron coa aprobación do novo Plan de financiamento das universidades do SUG**.

O incremento anual de trienios e quinquenios derivados do crecemento vexetativo do cadro de persoal, e de complementos autonómicos e sexenios de investigación, aos que se engadiron en 2020 os sexenios de transferencia (cunha destacada taxa de éxito do PDI da nosa universidade) supón que **o orzamento do capítulo I se sitúe no límite dos custos de persoal** que fixan as leis de orzamentos para a UDC. Os recursos para financiar os importes correspondentes a estes conceptos, así como as contías das prazas para manter as figuras recollidas no II Convenio colectivo laboral con compromiso de estabilización e das prazas para facer fronte a necesidades urxentes e inaprazables, son moi limitados e proceden basicamente de xubilacións.

**Estas limitacións condicionan a contratación de novo persoal**, co conseguinte escenario de falta de renovación e de inestabilidade para os proxectos

educativos, de investigación ou de transferencia á sociedade dos seus resultados, que tanto preocupan a toda a comunidade universitaria. Os esforzos dos órganos de goberno da UDC centráronse en minimizar os efectos neste contexto restritivo, mantendo estable o número de efectivos, priorizando a estabilización de profesores e investigadores que se formaron con éxito na nosa universidade e maximizando as posibilidades de promoción.

Ademais dos acordos acadados para a aprobación e execución da oferta pública de emprego, destacan as seguintes medidas:

- O número de convocatorias públicas de PDI permanente realizadas no ano 2021, incluíndo prazas da OEP 2021 e anteriores, ascende a **56 prazas**: 21 de profesor/a contratado/a doutor/a, 26 de titular de universidade e 9 de catedrático/a de universidade.
- Coa publicación do Real decreto-lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, na UDC démoslle prioridade a garantir, no curto prazo, que todo o profesorado contratado interino de substitución que sexa estrutural e que conte cunha acreditación poda optar a unha praza de axudante doutor. **Incrementamos a 30** as prazas asignadas no programa de axudantías, e decidimos unha segunda volta mediante unha convocatoria extraordinaria dirixida a todo o profesorado interino a tempo completo estrutural que se convocaría en xaneiro de 2022. A lei 20/2021, de 28 de decembro, ratificou a necesidade destas medidas, que deben completarse cunha planificación rigorosa de prazas de estabilización a partir de 2022.
- En 2021 convocáronse **71 concursos** de profesor/a asociado/a ou contratado/a interino/a de substitución sobre a base das instrucións da Secretaría Xeral de Universidades para a provisión temporal de postos de PDI para cubrir necesidades docentes urxentes.
- Nomeáronse seis profesores eméritos e dous profesores honorarios.
- O seguimento do cadro de PDI incorporou as bases para determinar a RPT do PDI da UDC con data de 31 de decembro de 2021, recuperando unha ferramenta para ordenar as **políticas de estabilización e promoción** do profesorado.

## ■ INTERNACIONALIZACIÓN

A xestión na área de internacionalización aínda estivo moi afectada polos efectos da pandemia. A mobilidade máis condicionada, tanto de estudantes como de persoal, foi aquela con destino ou orixe en países de América Latina. Non obstante, o comezo do curso 2021-2022 marca **o inicio da recuperación** cara ás cifras anteriores á pandemia.

A mobilidade Erasmus inscríbese xa no novo programa europeo 2021-2027, caracterizado pola **promoción da sustentabilidade**, a inclusión e a dixitalización, coa oportunidade agora de abrirse a todos os países do mundo a través da denominada “dimensión internacional”.

Despois de adaptar as nosas plataformas de mobilidade, a Universidade da Coruña atópase xa plenamente operativa para renovar e asinar novos convenios a través da **plataforma Erasmus sen papeis**. Así mesmo, e de cara a unha mellor xestión e atención ao estudantado, concentramos na Oficina de Relacións Internacionais non só as mobilidades internacionais, senón tamén as relativas a universidades españolas: o programa SICUE.

A captación de fondos e a nosa presenza en alianzas estratéxicas internacionais medra a través da participación en proxectos do programa Erasmus. A colaboración iniciada cos campus de especialización e

en concreto co Campus Industrial de Ferrol, facilitará que esta tendencia continúe nos próximos anos.

Canto ao **alumnado estranxeiro**, imos recuperando as cifras anteriores á pandemia, cun **4,9% do total da matrícula en 2021**. Por país de orixe, destacan en número os estudantes procedentes de China, Venezuela, Perú, Ecuador, Colombia, Portugal e Marrocos. Os centros que recibiron máis alumnado internacional regular son a Facultade de Economía e Empresa (99), a Facultade de Ciencias (83), a Escola de Camiños e a Facultade de Dereito (78).

A evolución do **profesorado con docencia en inglés** crece a un ritmo moi considerable, cun incremento do 27% respecto ao curso previo. **Medra tamén o número de créditos impartidos en inglés**, que supera nun 20% aos impartidos no curso anterior.

As actividades de promoción internacional, como a asistencia a eventos e feiras, continuaron en formato virtual. Para **fomentar os contactos con América Latina**, lanzamos unha nova convocatoria de axudas á internacionalización específicas para esa área xeográfica. No campo da **internacionalización na casa**, destaca a participación en iniciativas de intercambios virtuais.

No eido da mellora das competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros, o **Centro de Linguas**, a consecuencia do éxito dos cursos en formato virtual, mantivo a oferta en liña xunto aos tradicionais presenciais, e mesmo incorporouse a **docencia mixta** (*blended*), principalmente nos cursos de español para estranxeiros.

Finalmente, concedeuse o II Premio Profesorado Internacional da Universidade da Coruña como recoñecemento ao labor do profesorado a prol da internacionalización.

## ■ INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE

Neste apartado quero referirme, en primeiro lugar, ás importantes accións relacionadas co aforro e a eficiencia enerxética.

En 2021 rematáronse as obras que tiñamos iniciadas en seis centros como primeiro paso para a **mellora da eficiencia enerxética** dos edificios: Normal, Pavillón de Deportes de Elviña, Escola Técnica Superior de Arquitectura, Escola Politécnica Superior, Facultade de Humanidades e Reitoría. Os proxectos obtiveran a subvención convocada polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para proxectos de enerxías renovables e térmicas para os anos 2019 e 2020 e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. As obras foron fiscalizadas positivamente polo INEGA e conseguiron a aprobación para toda a subvención solicitada.

Como continuación deste proxecto, **estase desenvolvendo unha plataforma informática propia** para a información, xestión e control de datos enerxéticos e ambientais procedentes dos diferentes centros da nosa universidade. Trabállase con datos vinculados á produción de enerxía solar fotovoltaica, consumo de electricidade, gas, auga e xeración térmica. Recóllen-se tamén datos referentes á ocupación de espazos, temperatura, humidade, calidade do aire e concentración de radon.

Nesta esencial liña de traballo, en decembro solicitaronse novas subvencións ao INEGA, as de fondos MRR (Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia) 2021-2024, dentro da iniciativa europea Next Generation, en relación con doce proxectos de instalacións fotovoltaicas para outros tantos centros universitarios.

### **Accións relacionadas coa unificación da Escola Universitaria Politécnica e a Escola Politécnica Superior en Esteiro:**

- Acondicionamento da planta de acceso á Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol para novos laboratorios.
- Licitación do proxecto de rehabilitación do Edificio de Batallóns no campus de Esteiro para aula de másteres e despachos, tras o reforzo da súa estrutura.
- Proxecto de acondicionamento interior do Edificio de Usos Administrativos para aloxar os novos servizos unificados.

### **Accións para a creación de novos espazos para as novas titulacións e para investigación, así como a mellora dos equipamentos existentes:**

- Acondicionamento do CIT II de Ferrol para albergar a Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar, que acolle o servizo Afrontemos.
- Proxecto para o Laboratorio de Combustibles e o seu traslado ao Centro de Innovación e Servizos da Tecnoloxía e o Deseño de Ferrol.
- Sistema de renovación de aire con recuperación de calor para paliar a concentración de radón na Facultade de Humanidades de Ferrol.
- Solución para a accesibilidade universal na Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol.
- Acondicionamento de espazos para o novo decanato da Facultade de Turismo, na Zapateira.
- Substitución de fiestras na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.

- Reparación da cuberta do CITEEC, en Elviña.
- Reforzo de ventilación CPD do CITIC en *freecooling* para aforro enerxético.
- Instalación de liñas de vida en varias cubertas.
- Realización da obra de medicións para a investigación de sistemas urbanos de drenaxe sostible (SUDS) nos campus.

### **Accións para a mellora do espazo público nos campus, en colaboración co Concello da Coruña a través do convenio entre ambas institucións:**

- Renovación de firmes na vía do campus da Zapateira.
- Reparación de terrazos e lousas nas beirarrúas do campus de Elviña.
- Pintado dos pasos de ceбра e sinalización horizontal das vías.
- Remodelación do peche do Normal.
- Reparación de escaleiras exteriores e marquesiña de entrada en Ciencias da Educación.

### **Accións para o desenvolvemento do proxecto da Cidade das TIC:**

- Estudo xeotécnico da parcela da antiga Fábrica de Armas: documentación xeolóxica, rexistros de sondaxes e calicatas, xeofísica, ensaios de laboratorio, levantamentos xeomecánicos e cartografías xeolóxicas.
- Análise estrutural dos edificios da antiga Fábrica de Armas.

– Concurso de ideas para o proxecto do novo edificio para o CITIC da Cidade das TIC.

A **Oficina de Medio Ambiente (OMA)**, dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, recuperou a súa actividade presencial tras a pandemia cun alto éxito de participación no curso “Campus, Casa e Cidade: Laboratorios do Cambio”, dentro do proxecto “Educando para a Sustentabilidade”, entre outros.

Tamén continuou, con moito éxito, o **programa Green Campus**, no que participan a maioría dos centros docentes da UDC. Neste sentido, estase a estudar a incorporación dos centros de investigación ao programa.

Por outra parte, mantivéronse as actividades relacionadas coa **protección da biodiversidade** (coa xestión do monte da Fraga), a caracterización de residuos e mantemento dos puntos de compostaxe, as campañas de aforro de auga, enerxía e papel, o uso da bicicleta, etcétera. Tamén tiveron continuación outras actividades como a III edición dos Premios UDC Sustentabilidade para TFG e TFM e a xestión das hortas urbanas comunitarias de Elviña.

É destacable a obtención dunha subvención dentro do Programa de incentivos a mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES II) do INEGA para a compra de **20 bicicletas eléctricas**, que modernizarán e reforzarán o noso plan de préstamo de bicicletas.

Todo o traballo realizado estase vendo reflectido nos resultados obtidos pola UDC no **Ranking GreenMetric** en decembro de 2021: ocupamos a cuarta posición entre as 29 universidades españolas avaliadas. No ámbito internacional, ocupa a **posición 49ª** das 956 universidades estudadas, mellorando 16 postos e acadando o mellor resultado da súa historia. Neste eido, a UDC está entre o 5% das mellores universidades do mundo.

## ■ ALUMNADO

Como xa se fixera en 2020, a Vicerreitoría de Estudiantes, en colaboración co resto do equipo de goberno, mantivo activos os mecanismos pertinentes para que a crise da covid non levase aparelados abandonos dos estudos na nosa comunidade nin disfuncións na calidade da docencia.

Publicáronse **14 convocatorias de bolsas**, axudas e premios, aos que a nosa universidade destinou **2,5 millóns de euros dos fondos propios**. Este orzamento distribuíuse entre axudas para alumnado en situación de dificultades económicas, prazas de aloxamento nas residencias, axudas para transporte, bolsas comedor e premios para gañadores de olimpíadas científicas e para a excelencia na nota de admisión aos distintos graos que ofertamos.

Alén diso, estableceuse unha liña de axudas dirixida a estudantes con problemas de conectividade e puxéronse ao dispor do estudantado 42 portátiles, 110 cámaras web e 90 tarxetas SIM para datos de Orange de tres meses de duración. Esta axuda convocouse a principio de curso e ata decembro houbo **81 beneficiarios**.

O 8 de abril desenvolveuse a Xornada de Portas Abertas Virtuais para dar a coñecer polo miúdo a oferta de titulacións dos campus da Coruña e de Ferrol. Como é habitual, esta xornada, que antes da covid se facía de xeito presencial, traslada información aos estudantes de bacharelato e de FP, así como aos pais e nais, ao profesorado e aos orientadores e orientadoras de centros públicos e privados.

As xornadas **complementáanse con outra información útil** ou de interese para os futuros alumnos e alumnas, como a oferta de aloxamento nas residencias públicas, as opcións de participar en actividades de voluntariado, os mecanismos de apoio a persoas con diversidade, os cursos de idiomas ou os cursos de

apoio ao estudo que imparte o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa.

Do mesmo xeito que fixemos o ano pasado, o sitio web das xornadas mantense activo ata a seguinte edición, pois rexistramos milleiros de **visualizacións (exactamente 7.774)** de vídeos explicativos ofrecidos en principio durante as xornadas.

Ao se manteren no arranque do curso 2021-2022 as circunstancias extraordinarias provocadas pola pandemia decidimos tamén manter **mecanismos de información para o estudantado**, como o teléfono de atención persoal (881 011 111) e mais unha páxina web específica. Habilitáronse as aulas de estudo con códigos QR para unha mellor trazabilidade e diversos espazos wifi para que puidesen realizar os seus exames no propio campus os alumnos e alumnas con problemas de acceso a internet desde os seus domicilios.

De todos os xeitos, puidemos dar a benvinda aos novos estudantes nunhas xornadas presenciais no Estadio Universitario de Elviña (no campus de Elviña) e na praza de Humanidades (no campus de Esteiro) o día 23 de setembro. Nesta xornada festiva participaron preto de **2.000 estudantes** (1.414 en A Coruña e 450 en Ferrol) disfrutando de actividades deportivas, culturais e medio ambientais. Contamos con 49 postos informativos de diferentes servizos e unidades da UDC.

## ■ EMPREGABILIDADE

Continuaron con normalidade as accións destinadas ao desenvolvemento de competencias para a **mellora da empregabilidade e o emprendemento** dos nosos egresados e egresadas. A máis importante é o “Programa de Mellora da Empregabilidade nos Centros da UDC (PMEC)”, conformado por tres módulos que se impartiron tanto de xeito presencial como virtual (a

demanda dos centros) e que están dedicados ao autoemprego, á procura de emprego por conta allea e á exposición de experiencias reais de inserción laboral.

Impartíronse dous **cursos en formato virtual en colaboración co CUFIE**. O curso “Emprendemento e Autoemprego” revisa os contidos relacionados coa figura do emprendedor, o plan de negocio e a proposta de valor, a constitución dunha empresa e as vías de financiamento.

Por sexto ano consecutivo participamos no **programa Explorer**, auspiciado por Santander Universidades. Este programa ten por obxecto impulsar o talento novo e a xeración de proxectos innovadores nunha contorna dixital, aberta e colaborativa. Por primeira vez realizouse en dúas sedes (Ferrol e A Coruña) e desenvolveuse de xeito híbrido entre os meses de xaneiro e maio, baixo a coordinación da Unidade de Emprego. As diferentes edicións deste programa adoitan ser exitosas na nosa universidade.

Na liña de ofrecer oportunidades de participación aos/ás nosos/as estudantes en iniciativas vinculadas ao emprendemento, resolución de retos, etcétera, que os axuden a mellorar as súas competencias de cara ao seu futuro laboral, no mes de outubro asinou-se un convenio coa Fundación Junior Achievement. Entre elas atópase o Startup Programme.

Así mesmo, cómpre subliñar que a UDC participou no programa pioneiro **Xuventude Mentoring**, unha iniciativa integral de formación en *mentoring* destinada a persoas tituladas e inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil en Galicia. Trátase dun programa promovido pola Consellería de Política Social e o CIXUG, en colaboración coas tres universidades galegas, e cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

En novembro organizouse por cuarto ano consecutivo o **Foro Avanza**, esta vez **coa novidade de inte-**

**grar unha Feira Virtual de Emprego.** Durante tres mañás, relatores de diferentes ámbitos ofrecéronlle aos estudantes diversas sesións informativas. Pola súa banda, ao longo de dúas tardes desenvolveuse a Feira de Emprego, que por primeira vez se realizou nun formato completamente virtual coa colaboración de preto de trinta entidades internacionais e nacionais. A través de casetas virtuais e diferentes salas e foros, os estudantes puideron deixar os seus currículos, concertar entrevistas e acudir a presentacións, entre outras actividades.

O **Observatorio Ocupacional** realizou o informe de inserción laboral das titulacións de grao e máster correspondente á cohorte de titulados e tituladas do curso 2019-2020. Para o estudo entrevistáronse a 2.469 persoas de 37 titulacións distintas. Os resultados están dispoñibles na páxina web institucional do Observatorio Ocupacional. Por outra banda, participamos directamente no deseño dun novo **Selo de Excelencia en Empregabilidade** promovido por ANECA, mediante a inclusión do director do Observatorio Ocupacional na comisión establecida para ese efecto.

Finalmente, hai que salientar que a Universidade está a participar no **proxecto Guess**, un proxecto europeo sobre expectativas profesionais e espírito emprendedor. En total no curso 2020-2021, conseguíronse 2.054 respostas de estudantes, que permiten coñecer as súas actitudes de cara ao emprendemento.

## ■ PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

O 8 de xullo asinouse o Acordo sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Universidade da Coruña. Este documento é a consecuencia do bo labor realizado polo grupo de traballo formado pola representación do persoal sindical e da Xerencia.

O texto define o **teletraballo** como a prestación de servizos a distancia, sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias da UDC mediante o uso de tecnoloxías da información e comunicación.

Así mesmo, para poder acollerse a esta modalidade, o persoal deberá acreditar que cumpre unha serie de requisitos, como, entre outros, ter coñecementos informáticos e telemáticos que garantan a súa aptitude para teletraballar, así como dispoñer de conexión a internet. A opción de teletraballo será **voluntaria para o persoal e reversible** tanto para o traballador como para a universidade. O 30 de decembro publicouse na páxina web e entrou en vigor.

De acordo coa disposición transitoria segunda, durante os primeiros seis meses desde a entrada en vigor do acordo (ata o 30 de xuño de 2022), só se autorizarán períodos de teletraballo de un día á semana, co obxecto de facer unha implantación paulatina.

Polo demais, o 15 de novembro publicouse non Diario Oficial de Galicia a **relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos**, despois da súa aprobación polo Consello de Goberno do 27 de xullo e do pleno do Consello Social do mesmo día.

Esta publicación e posterior aplicación e desenvolvemento da RPT ten unha gran importancia para, tal e como se expuxo na súa memoria xustificativa, dar resposta ás **novas esixencias da xestión** en organizacións complexas, onde é fundamental a coordinación dos procesos, o traballo en equipo e a flexibilización funcional.

Tamén quero salientar que mediante a resolución do 16 de decembro, publicada no DOG do día 28, se convocou o **curso de traslados** do persoal funcionario de administración e servizos. Ofértanse, na súa primeira fase, 10 postos vacantes pola forma de

provisión de concurso específico e 171 pola forma de provisión de concurso.

## ■ IGUALDADE

A Oficina para a Igualdade de Xénero continuou co programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o alumnado. En colaboración co CUFIE, **ofertáronse 12 cursos** para o alumnado con diferentes temáticas, con especial atención ao alumnado das facultades de Ciencias da Educación, Ciencias da Comunicación, Dereito e Ciencias da Saúde, que están expresamente mencionadas no Pacto de Estado. Un total de 190 alumnos e alumnas asistiron a estes cursos. Como novidade, impartíronse “**pílulas de igualdade**”, pequenos cursos en distintas titulacións, que acadaron unha participación de **277 estudantes**. No caso do profesorado ofrecéronse seis cursos con diferentes temáticas.

Na programación dos cursos incidiuse na formación enfocada á incorporación da **perspectiva de xénero** nas guías docentes das materias dos diferentes graos, na formación para a atención ás vítimas de acoso sexista e á formación no ámbito do tratamento da información nos medios sobre as violencias machistas. Un total de **86 docentes** da nosa universidade asistiron a estes cursos. Este ano fíxose un esforzo importante co obxectivo de informar, formar e fomentar a inclusión da perspectiva de xénero nas materias das distintas titulacións.

A **Oficina para a Igualdade de Xénero**, xunto coas oficinas das outras dúas universidades galegas, organizou as VII Xornadas Universitarias Galegas en Xénero. Durante dous días de xuño presentáronse un total de 49 comunicacións divididas en tres áreas temáticas: mulleres, investigación e covid, violencias contra

as mulleres e perspectiva de xénero na docencia universitaria. As xornadas realizáronse en liña e **asistiron 248 persoas**.

Respecto as actividades de difusión, a Oficina para a Igualdade de Xénero participou na Xornada de Benvida para o alumnado da UDC. Atendeuse a 700 persoas (500 no Campus da Coruña e 200 no Campus de Ferrol). Como parte do material gráfico desenvolvido para a xornada, imprimíronse dous *totems* con información sobre a OIX e o protocolo, que posteriormente se van cambiando dun centro a outro para que a información chegue a toda a comunidade universitaria.

Pouco antes da celebración do 25N, **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres**, iniciouse a campaña “Súmate e resta Machismo: El xa marca a diferenza”, co obxectivo de que o alumnado (particularmente os mozos) se posicionasen en contra da violencia machista. A campaña consistiu na elaboración dun *photocall* co lema da campaña, que foi trasladado aos distintos centros. Pasaron por el preto de 500 persoas, das que 300 participaron na campaña sacándose unha foto e deixando a súa mensaxe.

A Oficina xestionou diferentes consultas relacionadas con situacións sexistas e/ou machistas e o protocolo de acoso, e ofreceu asesoramento tanto a centros como a persoas. Así mesmo, está a traballar nun novo protocolo en espera da aprobación dunha nova lei de convivencia universitaria.

Ademais, desenvolvéronse diferentes charlas nos distintos campus e, como todos os anos, convocouse o concurso para premiar os mellores proxectos fin de grao ou fin de máster con perspectiva de xénero. Dentro do plan de comunicación do protocolo da UDC, fíxose un concurso para elaborar un cartel e un vídeo para promovelos entre a comunidade universitaria.

Pola súa banda o CEXEF organizou dous faladoiros onde se analizaron as temáticas relacionadas coas novas masculinidades e coa violencia nas redes.

## ■ CULTURA

A situación pandémica tamén afectou ao ámbito da cultura no que respecta á capacidade dos eventos, así como ao tipo de actividades que puideron ser programadas.

Como é habitual, houbo dúas convocatorias de **obra-  
doiros creativos** que se desenvolveron tanto no campus de Ferrol (Centro Cultural Universitario) e no da Coruña (Normal. Espazo de Intervención Cultural), como tamén en liña. En total realizáronse **26 obra-  
doiros**, nos que participaron os distintos colectivos da comunidade universitaria (alumnado, PDI, PAS) e a cidadanía en xeral, e que de xeito xeral foron valorados moi positivamente.

En Normal contouse coas **exposicións** “Camiño negro”, do fotógrafo Damián Ucieda e comisariada por Juan de Nieves, e “Códigos”, de Tatiana Medal. En paralelo desenvolvéronse actividades como visitas guiadas, roteiros ou obradoiros infantís, en que tamén tiveron a oportunidade de participar as fillas e fillos de PDI e PAS.

Cómpre resaltar que se convocou a primeira edición do **Programa de Residencias Artísticas Fundación María José Jove** en colaboración con Normal, que contabilizou máis de 200 solicitudes de artistas nacionais e internacionais do ámbito das artes visuais. Logo de tres meses de residencia en Normal, a gañadora, Alejandra Pombo, realizou como peche unha *performance* nunha das naves da Cidade das TIC, que estivo acompañada pola I Xornada de Encontro Museo Virtual FMJJ / Normal cunha mesa de debate sobre a arte contemporánea en Galicia.

Por último, o **Coro Universitario** retomou a súa actividade e tamén se celebraron, con diversos espectáculos musicais, literarios e de artes escénicas, o Día Internacional da Danza, o Mes das Letras e o 25N Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres. En Ferrol convocáronse varios roteiros culturais.

## ■ DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

En 2021 por primeira vez a Unidade de Divulgación Científica e Cultural (UDCC) da UDC superou con éxito o proceso de rexistro na Red UCC+i (Rede de Unidades de Cultura Científica e Innovación) da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FE-CYT). Tamén por primeira vez, celebrouse na Coruña e Ferrol a Noite Europea das Persoas Investigadoras en Galicia (G-Night), a través dun proxecto europeo do programa marco H2020. Contouse coa colaboración dos distintos centros de investigación da UDC, do seu persoal investigador (85 persoas), do seu persoal administrativo e de servizos (13 persoas) e dos museos científicos para organizar actividades tanto presenciais como virtuais para 2.000 persoas.

Dentro do calendario anual da Unidade de Divulgación Científica e Cultural, conmemorouse o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia coa iniciativa “Atrévete a pescudar con elas”, dirixida especialmente a nenas da educación primaria e secundaria para incentivar a curiosidade pola profesión investigadora e científica. Do mesmo xeito, convocouse o premio Isabel Zendal, orientado a estudantes da etapa de educación secundaria para promover o pensamento crítico e a cultura científica.

En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística e co Consello Superior de Investigacións Científicas, elaborouse a versión en lingua galega do calendario científico escolar 2021. Así mesmo,

a unidade sumouse a iniciativas dirixidas ao PDI e estudantes de doutoramento, como “Somos Científicos e Científicas”, “¡Sácanos de aquí!” e #HiloTesis (en twitter).

## ■ RESPONSABILIDADE SOCIAL

A **UDC Saudable** centrouse fundamentalmente nas estratexias relacionadas coa alimentación e o benestar biopsicosocial na comunidade universitaria. Aspectos como a elaboración dos pregos de máquinas de autovenda e cafeterías, conferencias e infografías sobre alimentación saudable e sostible, *batch cooking* e etiquetaxe de alimentos. Asináronse **catro convenios** con entidades externas. A UDC Saudable colaborou coa plataforma One Health, cos programas Green Campus e con Espazo Compartido na inclusión en materias de titulacións oficiais do alumnado con discapacidade intelectual. O VII Outubro UDC Saudable foi co-organizado pola Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUDI). Ademais, fomentáronse estratexias de concienciación e comunicación da promoción da saúde: campañas REUPS e UDC Saudables mensuais, vacinas covid, euromelanoma, cancro ou emocións, entre outras.

A **Unidade de Atención á Diversidade (ADI)** atendeu as solicitudes de **63 persoas con discapacidade e/ou necesidades específicas** de apoio educativo relacionadas con axustes sobre o seu currículo educativo universitario. Neste sentido, a Unidade fixo un esforzo por reformar estes axustes ao contexto virtual e emitir informes, personalizados para cada unha destas persoas, que se fixeron chegar aos centros a través da rede de titores/as de diversidade. Durante este curso académico incorporouse un **sistema de atención ao alumnado por videoconferencia**, para chegar a aquelas persoas que por motivos de saúde ou persoais non puidesen desprazarse ao campus.

A Unidade ten unha importante participación na **Rede SAPDU**, que engloba todos os servizos similares das universidades españolas. Froito desta participación xorden moitas sinerxías de traballo importantes (encuentros virtuais, campañas de divulgación, etcétera.) que teñen como foco principal a nosa universidade.

Aínda que por mor da pandemia non se fixeron moitas actividades formativas presenciais, a xornada que tradicionalmente organiza a unidade co motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade foi proposta e coorganizada polo alumnado do Programa Espazo Compartido (título propio da UDC).

Neste curso tamén traballamos na última fase do proxecto para crear un marco para a autoavaliación das universidades españolas na mellora das súas actuacións en materia de inclusión de persoas con discapacidade, promovido pola ANECA.

O **Programa Espazo Compartido** despediu á IV promoción en 2021 e tamén recibiu a que será a súa V Promoción, que asistirá ao programa durante os dous cursos seguintes. Esta promoción está formada por **17 estudantes** que cursarán as materias teóricas e prácticas do título e ademais participarán en materias impartidas noutros títulos. Como novidade, disporá da posibilidade de realizar mobilidade nacional no primeiro curso e internacional no segundo.

## ■ VOLUNTARIADO

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), que ten como obxectivo a construción dunha cidadanía crítica mediante un amplo programa de accións formativas e de sensibilización, coordinou **19 proxectos propios de voluntariado** no eido sanitario, do *senfogarismo*, da diversidade funcional, de maiores, en penitenciarías, de inmigración, de menores e de sensibilización. Ademais, segue a promocionar a me-

todoloxía de aprendizaxe-servizo. En 2021, presentáronse 23 proxectos á convocatoria de Avaliación de Aprendizaxe e Servizo.

A OCV desenvolveu, por encargo de CRUE, **un mapa interactivo para visibilizar as axudas que cada universidade española** pon a dispor das persoas refuxiadas ou en situación de protección internacional. Igualmente, continuamos coa nosa política de axuda a este colectivo, concedendo catro bolsas para inicio ou continuación de estudos universitarios.

Canto á formación, cómpre unha mención singular para as diferentes **xornadas de sensibilización** e formativas en materia de inmigración, persoas refuxiadas, persoas sen fogar ou educación para o desenvolvemento, nas que **participaron 209 persoas**, ademais dos cursos propios de formación para o voluntariado de nova incorporación.

O compromiso e o labor desenvolvido pola OCV no servizo á cidadanía con motivo da pandemia tiveron o seu **recoñecemento** cun premio concedido pola Asociación Provincial de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña.

E non quixera rematar esta introdución sen mencionar que no verán démoslle a benvida á **Asociación de Antigos Alumnos e Alumnas, Alumni UDC**. Ábrese así unha xanela máis de relación coa sociedade, neste caso con profesionais formados nos nosos propios campus. A asociación naceu co propósito de fomentar as colaboracións cos actuais alumnos e alumnas para promover a súa formación e a súa integración no mercado laboral.

**Julio Abalde Alonso**

**Reitor da Universidade da Coruña**

# 01A UDC en cifras / 2021

## A UDC en cifras / 2021

|                                                | Curso 2021/2022 | Curso 2020/2021 |
|------------------------------------------------|-----------------|-----------------|
|                                                | 2021            | 2020            |
| Orzamento                                      | 136.988.907,10  | 131.258.624,00  |
| Centros                                        | 23              | 23              |
| • Facultades                                   | 14              | 14              |
| • Escolas técnicas superiores                  | 4               | 4               |
| • Escolas universitarias propias               | 3               | 3               |
| • Escolas universitarias adscritas             | 2               | 2               |
| Departamentos                                  | 26              | 26              |
| Institutos                                     | 8               | 8               |
| Centros tecnolóxicos de investigación          | 4               | 4               |
| Titulacións oficiais (Graos e Másteres)        | 103             | 103             |
| • Graos                                        | 44              | 45              |
| • Programas de simultaneidade                  | 7               | 7               |
| Másteres                                       | 59              | 58              |
| Programas de doutoramento                      | 36              | 36              |
| Títulos propios de posgrao (Estudios propios)  | 35              | 31              |
| Persoal docente e investigador (PDI)           | 1.444           | 1.439           |
| Persoal de Admón. e Servizos                   | 796             | 820             |
| Ratio PDI por cada PAS                         | 1,81            | 1,75            |
| Matrícula total (grao + máster + doutoramento) | 17.104          | 17.230          |
| Estudantes de grao                             | 13.558          | 13.732          |
| • Campus da Coruña                             | 11.445          | 11.640          |
| • Campus de Ferrol                             | 2.113           | 2.092           |
| Alumnado de novo ingreso en grao               | 3.407           | 3.331           |
| Estudantes de máster                           | 2.347           | 2.231           |
| Estudantes de doutoramento                     | 1.199           | 1.267           |
| Estudiantes en títulos propios                 | 181             | 264             |
| Titulados/as en graos oficiais                 | 2.281           | 2.330           |
| Titulados/as en másteres oficiais              | 1.017           | 1.054           |
